

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATISMO DE NADAL 2017

Primeira.- Obxectivos

Esta iniciativa ten como obxecto a promoción e o apoio ao comercio local, premiando o esforzo e a súa implicación na mellora da imaxe comercial dos establecementos do municipio, coa dotación de premios aos mellores escaparates de Nadal.

Segunda.- Requisitos dos participantes

Poderán participar no concurso de escaparatismo os titulares dun establecemento comercial no termo municipal de Carballo, sexan persoas físicas, xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que, en todo caso, cumpran ademais os seguintes requisitos:

- a) Que dispoñan dun escaparate para a exposición dos produtos que comercializan*
- b) Que desenvolvan a súa actividade comercial no Concello de Carballo e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a súa actividade*
- c) Que estea dada de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo III e que este constitúa a actividade principal do solicitante.*

En caso de carecer de personalidade xurídica, deberán nomear un representante con poderes suficientes para cumprir coas obrigas derivadas da participación.

Os escaparates deberán estar preparados ás 19:00 horas do xoves 14 de decembro de 2017, momento a partir do cal poderá realizarse a visita por parte do xurado.

Os escaparates non poderán desmontarse antes do 25 de decembro, co obxecto de que poidan contemplarse durante as festas de Nadal.

Os comercios participantes están obrigados a manter o escaparate iluminado e nas condicións que permita ao xurado valoralo no seu conxunto así como manter a iluminación, cando menos, ata as 22:00 horas, entre os días 14 e 25 de decembro.

Terceira.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación

As solicitudes de participación poderán presentarse mediante o modelo do Anexo I, por vía telemática ou en calquera dos Rexistros de entrada do Concello de Carballo, acompañado dos seguintes documentos:

- 1. Copia do NIF do solicitante, no caso de ser persoa física ou representante a que fai referencia a Base Segunda.*
- 2. CIF da entidade, no caso de persoas xurídicas, así coma o NIF do presidente ou representante destas.*
- 3. Copia de alta no epígrafe correspondente do IAE e xustificante do último recibo de pago ou declaración de exención (Anexo II).*
- 4. Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



subvencións públicas e de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social (Anexo II).

Os impresos (Anexos I e II) estarán a disposición dos interesados na páxina web www.carballo.gal e nos Rexistros de Entrada do Concello, onde poderán presentarse as solicitudes desde o día 29 de novembro ata o día 12 de decembro, ámbolos dous incluídos, en horario de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas no caso do Rexistro Xeral e de 11.30 a 13:30 horas nos rexistros auxiliares.

Coas solicitudes os interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 53.1.c da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A presentación da solicitude de participación no Concurso de Escaparatismo por parte do interesado levará consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.

O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, para o que deberá presentar nese caso a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

Cuarta.- Órgano competente para a instrución e resolución

O órgano instrutor do procedemento será o concelleiro delegado de Promoción Económica. O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local.

Quinta.- Criterios de valoración

O tema a desenvolver será alegórico ao ambiente propio das Festas de Nadal e valoraranse as candidaturas tendo en conta especialmente os seguintes criterios:

- a) Calidade artística*
- b) Composición*
- c) Iluminación*
- d) Utilización de elementos tradicionais do Nadal no contorno dos escaparates*
- e) Orixinalidade do escaparate*
- f) Uso do galego*
- g) Esfuerzo e dedicación do promotor no resultado*

Sexta.- Xurado

O xurado estará integrado polos seguintes membros:

- Dous representantes do Concello de Carballo*
- Un representante do Centro Comercial Aberto.*
- Un representante de Axober.*

- *Un representante da Asociación de comerciantes, hostaleiros e empresarios e hostaleiros do Barrio da Milagrosa*
- *Un representante da Asociación Crea Formas*

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple.

Sétima.- Dotación dos premios

Concederanse catro premios e distribuiranse do seguinte xeito aos proxectos que obteñan unha maior puntuación segundo o ditame do xurado:

- *Primeiro premio: 800 euros.*
- *Segundo premio: 600 euros.*
- *Terceiro premio: 400 euros.*
- *Cuarto premio: 200 euros.*

Estas cantidades estarán suxeitas ás retencións legais que lles foran aplicables.

Oitava.- Protección de Datos

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 15/99, de Protección de Datos de carácter persoal e normativa acorde. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.

Novena.- Aceptación.

A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

Décima.- Publicidade

Na publicidade dos premios deberán constar os logotipos do Concello e da Oficina de Promoción Económica inxeridos ao final destas bases. A comunicación privada que realicen os establecementos en relación con esta iniciativa deberán incluír tamén os referidos logos, sempre que sexa comunicación en medios visuais.

A estes efectos, desde a Concellaría facilitaranse, con carácter previo, os logotipos correspondentes, e quedarán incursos os beneficiarios na obriga de empregalos en toda a publicidade gráfica e audiovisual prevista, sempre antes de ordenar a impresión e difusión, e atender ás indicacións que se formulen.

Logotipos



Undécima.- Fin da Vía Administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

Duodécima.- Normativa aplicable

Para todo o non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.*

ANEXO I

Solicitud de participación no Concurso de Escaparatismo Nadal 2017					
1. DATOS PERSOAIS					
Nome e Apelidos				DNI/CIF	
Domicilio					
Localidade		Provincia		CP	
Teléfono fixo		Móbil		Fax	
Correo electrónico					
2. DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL					
Nome Comercial					
Domicilio					
Localidade		Provincia		CP	
FINALIDADE: PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE ESCAPARATISMO DE NADAL 2017					
EXPÓN: Que coñece as Bases do Concurso de Escaparatismo de Nadal 2017, convocado polo Concello de Carballo, e cumpre os requisitos establecidos para a participación no mesmo.					
Polo exposto, SOLICITA: A súa inclusión como participante no Concurso de Escaparatismo de Nadal 2017 convocado polo Concello de Carballo.					
Acompaño xunto á solicitude os seguintes documentos:					
<input type="checkbox"/> NIF do solicitante					
<input type="checkbox"/> CIF da entidade, no caso das persoas xurídicas, así como o NIF do presidente ou representante destas.					
<input type="checkbox"/> Copia de alta no epígrafe correspondente do IAE e xustificante do último recibo de pago ou declaración de exención (Anexo II)					
<input type="checkbox"/> Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ó corrente das obrigas tributarias e da seguridade social (Anexo II)					

En Carballo a _____ de _____ de 2017

Sinatura do/a interesado/a

A/A: Concellaría de Promoción Económica

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



ANEXO II

DECLARACIÓN

Don/Dona , con DNI/NIE
....., en representación de

DECLARA QUE:
(Marque o que corresponda)

- Está exento/a do pago do IAE
- Non está incurso/a en causa que lle impida ser beneficiario de subvencións públicas.
- Está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En _____, a _____ de _____ de 2017

Sinatura do/a interesado/a,

ANEXO III **Epígrafes IAE**

Epígrafes do IAE subvencionables

- 641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
- 642. Comercio polo miúdo de carnes e refugos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
- 643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.
- 644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
- 645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
- 653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos.
- 654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.
- 657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.
- 659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutería.
- 659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un variado relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.
- 662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos.